

RESOLUCIÓN DO 12 DE FEBREIRO DE 2025, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE REGULA A XESTIÓN DE PROBAS DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS PARA O ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS EN CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DURANTE O CURSO 2024/2025.

As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos quince anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística dos distintos países membros da Unión, ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüísticamente diversa.

Así, a Resolución do Consello relativa a un marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación establece, como prioridade estratéxica número 2, promover o multilingüismo como un elemento clave para mellorar o desenvolvemento persoal e a empregabilidade e unha ferramenta indispensable para impulsar a calidade e a inclusión na educación e na formación.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional impulsa e apoia o ensino-aprendizaxe de idiomas e o plurilingüismo con políticas educativas modernas, flexibles e atractivas para o alumnado que lles permitan participar nun verdadeiro espazo europeo de aprendizaxe.

En liña con eses propósitos, a nova estratexia de linguas estranxeiras, **EDUlingüe2030**, para o fomento e o desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cuxos obxectivos estratéxicos son a internacionalización do sistema educativo galego e a mellora do plurilingüismo, contempla na súa **liña de impacto 6** o *Programa intensivo de certificación e acreditación da competencia lingüística en linguas estranxeiras* para o alumnado, avanzando un paso máis na mellora das súas habilidades lingüísticas e apostando por unha educación intercultural, multilingüe e cosmopolita, sostible e acorde co mundo actual, que favoreza a súa inclusión nunha cidadanía cada vez máis global.

De conformidade co anteriormente exposto e en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 11 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

RESOLVO

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

A presente resolución ten por obxecto regular a xestión de probas de acreditación de



competencia lingüística en linguas estranxeiras para o alumnado que curse estudos en centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional, así como en escolas de arte e superiores de deseño dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2024/2025.

Segundo. Obxectivos e características das probas de acreditación.

1. O obxectivo das probas é acreditar a competencia en lingua estranxeira do alumnado nos niveis B1, B2 ou C1 descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (en diante, MCERL).
2. As probas que realizará o alumnado corresponderanse co nivel B1, B2 ou C1 do MCERL, segundo decida o alumnado, previa orientación do seu profesorado de lingua estranxeira, e axustaranse ás titulacións recollidas no anexo da *Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta Consellería* ou proba análoga que conte co mesmo recoñecemento internacional e siga os mesmos estándares de calidade.
3. As probas realizaranse durante o curso académico 2024/2025.

Terceiro. Destinatarios.

1. Poderán participar nesta convocatoria todos os centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos que se impartan ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional, así como as escolas de arte e superiores de deseño.
2. As probas están destinadas a alumnado que estea matriculado durante o curso 2024/2025 en 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato ou 1º e 2º de Formación Profesional, así como a alumnado das escolas de arte e superiores de deseño.
3. Terá preferencia aquel alumnado que curse ensinanzas nunha etapa ou ciclo plurilingüe:
 - alumnado da etapa de Bacharelato plurilingüe *PluriBach*;
 - alumnado da etapa ESO plurilingüe;
 - alumnado de ciclos que impartan ensinanzas de Formación Profesional plurilingües;
 - alumnado das escolas de arte e superiores de deseño que impartan ciclos formativos plurilingües *PluriArt*.

Non serán computables, a tales efectos, as Seccións Bilingües que se impartan no centro.



4. A orde de preferencia para a selección do alumnado será a que figura no punto sétimo da presente resolución: ***Criterios de selección dos centros.***

Cuarto. Organización e xestión das probas.

1. A organización e xestión das probas será **competencia exclusiva do centro educativo**, que deberá seleccionar o alumnado candidato ás probas, o nivel da proba ao que se presenta e as institucións ou empresas certificadoras. Non será competencia das familias nin do alumnado a selección das ditas empresas certificadoras.

2. As probas de nivel lingüístico deberán ser realizadas por empresas ou institucións acreditadas que expidan as titulacións que figuran no anexo da dita *Orde do 21 de xuño de 2016*.

3. O alumnado, previa orientación do profesorado de lingua estranxeira, poderá decidir a proba á que se presenta e deberá coñecer, con antelación suficiente, as características da mesma.

4. Cada alumno ou alumna poderá matricularse nunha única proba de lingua estranxeira que será, preferentemente, a que curse como primeira lingua estranxeira.

5. Antes de facer a solicitude, o alumnado candidato deberá presentar por escrito un compromiso individual de aceptación para concorrer ás probas. Este compromiso, indispensable para poder facer a solicitude, deberá estar asinado polo alumno/a ou familia e será custodiado no centro.

6. Unha vez publicada no portal educativo da Consellería a resolución definitiva dos centros beneficiarios e a correspondente dotación económica outorgada a cada centro, estes poderán proceder á selección das probas ás que se presentará o seu alumnado e das empresas ou institucións examinadoras. Esta selección atenderá a criterios que faciliten a xestión das mesmas para as familias: a maior proximidade e comodidade para que o alumnado poida participar nas probas e a adecuación do custo das mesmas á dotación económica facilitada por esta Consellería, co fin de reducir, na medida do posible, o custo para as familias.

7. Se a dotación económica outorgada ao centro beneficiario na resolución definitiva resultase insuficiente para cubrir todas as demandas do alumnado interesado os centros educativos deberán establecer os criterios de selección do alumnado interesado en participar nas probas que consideren máis oportunos. Estes criterios, dos que se informará ao claustro e que se aprobarán no consello escolar, serán transparentes, públicos e obxectivos. Unha vez realizada a selección en acto público, levantarase acta da mesma e custodiarase no centro educativo.

8. Corresponderalle aos centros educativos a organización e xestión das probas, así como o abono ás empresas ou institucións avaliadoras dos importes correspondentes ao número de alumnos/as efectivamente avaliados e certificados.



9. No caso de que as probas non poidan realizarse no propio centro educativo, as familias ou, no seu caso, os centros educativos, encargaranse da organización do traslado do alumnado ao lugar de realización das probas. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional non asumirá os gastos derivados destes desprazamentos.

Quinto. Financiamento para a realización das probas.

1. O financiamento para a xestión das probas de certificación en lingua estranxeira previstas nesta resolución efectuarase con cargo á partida orzamentaria 07.03.423A.640.15 por un importe máximo de 400.000,00 €.

2. A dotación outorgada a cada centro será de **100 €** por **alumna/o e proba**. Esta dotación económica será destinada:

- a) á realización das probas das destrezas orais e das destrezas escritas.
- b) á certificación correspondente, conforme o MCERL.

3. A contía total da axuda outorgada a cada centro determinarase en función do número de alumnado que resulte beneficiario e de acordo cos criterios establecidos na cláusula sétima: *Criterios de selección dos centros.*

4. Os centros non poderán percibir unha asignación superior ao número total de alumnado que resulte beneficiario. A dotación económica outorgada para cada centro será destinada, exclusivamente, ao alumnado do curso que resultou beneficiario, non podendo ser trasladada a alumnado doutros cursos, etapas ou ciclos.

Sexto. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1. Os centros educativos que desexen participar nesta convocatoria deberán facer a correspondente solicitude completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos>, seleccionando **Programas de éxito educativo** na pestana *Programa*, convocatoria 2024/2025, e premendo en **Acreditación LE - Alumnado Centros Públicos**.

2. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, terá o permiso de creación e presentación da solicitude, na que se farán constar os datos de identificación do centro e da persoa directora así como:

- o **número** de alumnado candidato ás probas;
- o **curso** no que está matriculado o alumnado;
- a **etapa ou ciclo** ao que pertence o alumnado.

3. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerarase un documento no buzón de informes (Anexo I). Este documento será custodiado no centro educativo, non tendo que ser remitido por ningunha vía.



4. O prazo de presentación de solicitudes será de **quince días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Portal Educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal>.

5. Previamente á presentación da solicitude, a dirección do centro deberá informar ao Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar.

Sétimo. Criterios de selección dos centros.

1. Poderán participar na convocatoria todos os centros solicitantes que cumpran cos requisitos de participación indicados na presente Resolución.

2. Terán preferencia os centros que soliciten a axuda para alumnado que curse etapas ou ciclos plurilingües:

-alumnado da etapa de Bacharelato plurilingüe (*PluriBach*).

-Alumnado da etapa ESO plurilingüe.

-Alumnado dun ciclo que imparta ensinanzas de Formación Profesional plurilingües.

-Alumnado de ciclos formativos de escolas de arte e superiores de deseño nas que se impartan ciclos formativos plurilingües (*PluriArt*).

Non serán computables, a tales efectos, as Seccións Bilingües que se impartan no centro.

3. A dotación económica para cada centro resultará da distribución da dotación económica total prevista para esta convocatoria entre os centros solicitantes, atendendo á seguinte orde de selección:

3.1. centros que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso de Bacharelato que curse a etapa de Bacharelato plurilingüe *PluriBach*.

3.2. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 4º curso da etapa ESO plurilingüe.

3.3. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso de Bacharelato que curse a etapa de Bacharelato plurilingüe *PluriBach*.

3.4. De sobrar remanente, este distribuirase entre os que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso dun ciclo superior que imparta ensinanzas de Formación Profesional plurilingües.

3.5. De sobrar remanente, este distribuirase entre os que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso dun ciclo formativo plurilingüe de grado superior de escolas de arte e superiores de deseño *PluriArt*.

3.6. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo superior que imparta ensinanzas de Formación Profesional plurilingües.

3.7. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para



alumnado de 1º curso dun ciclo formativo plurilingüe de grado superior de escolas de arte e superiores de deseño *PluriArt*.

3.8. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo formativo plurilingüe de grado medio de escolas de arte e superiores de deseño *PluriArt*.

3.9. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso dun ciclo medio que imparta ensinanzas de Formación Profesional plurilingües.

3.10. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo medio que imparta ensinanzas de Formación Profesional plurilingües.

3.11. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso de Bacharelato.

3.12. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 4º curso de ESO.

3.13. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso de Bacharelato.

3.14. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso dun ciclo superior de F.P.

3.15. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso dun ciclo formativo de grado superior de escolas de arte e superiores de deseño.

3.16. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo superior de F.P.

3.17. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo formativo de grado superior de escolas de arte e superiores de deseño.

3.18. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo formativo de grado medio de escolas de arte e superiores de deseño.

3.19. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 2º curso dun ciclo medio que imparta ensinanzas de Formación Profesional.

3.20. De sobrar remanente, este distribuirase entre os centros que soliciten a axuda para alumnado de 1º curso dun ciclo medio que imparta ensinanzas de Formación Profesional.

4. A distribución das axudas na última categoría das anteriores para as que exista remanente farase repartindo dito remanente de xeito proporcional entre o número total de solicitudes e o



número de solicitudes presentadas por centro nesa categoría.

Oitavo. Comisión de valoración.

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará a selección dos centros educativos participantes nesta convocatoria, mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada pola persoa titular do Servizo de Innovación e Programas Educativos e dúas persoas asesoras da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretario/a.
2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando que se cumpran os requisitos estipulados nesta convocatoria e atendendo á orde de selección detallada no apartado 3 da cláusula sétima da presente resolución.

Noveno. Resolución provisional.

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros seleccionados que será publicada no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>). Abrirase un prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte da publicación, para que as persoas interesadas poidan efectuar alegacións contra a mesma ou presentar renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión de valoración.
2. As alegacións ou renuncias dirixiranse á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presentarse, obrigatoriamente, por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A), que se identificará coa denominación *Acreditación de competencia lingüística LE Centros públicos*. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Décimo. Resolución definitiva.

1. Analizadas e resoltas as reclamacións ou renuncias presentadas contra a resolución provisional, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ditará a resolución definitiva.
2. A dita resolución publicarase no Portal Educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal>.
3. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Portal Educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



Décimo primeiro. *Control e seguimento.*

1. Os centros beneficiarios recibirán a dotación económica en concepto de xestión de probas de nivel lingüístico e quedarán obrigados a xustificar adecuadamente os gastos relacionados coa realización destas probas para o seu alumnado, xustificación que se fará de maneira análoga a calquera outro gasto.
2. As facturas correspondentes e os xustificantes de pagamento deberán estar perfectamente identificados na contabilidade do centro e serán remitidas xunto coa memoria final no caso de ser reclamados pola Administración educativa competente.

Décimo segundo. *Xustificación da actividade.*

1. Os centros educativos que participen nesta convocatoria deberán cubrir a correspondente memoria completando o formulario electrónico que a Dirección xeral porá a disposición dos centros participantes.
2. Nela faranse constar os datos relativos ao número de alumnas/os presentados e o número de alumnas/os acreditados, o nivel e a etapa que cursan (indicando se é ou non etapa plurilingüe), o idioma e nivel de acreditación (segundo o MCERL) das probas realizadas, así como o nome da institución acreditadora.
3. O prazo de presentación da memoria rematará o 30 de setembro de 2025.
4. As facturas correspondentes e os xustificantes de pagamento das probas de acreditación lingüística serán remitidas polos centros educativos no caso de seren reclamadas pola Administración educativa competente.

Décimo terceiro. *Datos de carácter persoal.*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira.

Esta resolución producirá efectos o día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Portal Educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal>

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

